


Estimadas nais e pais, e/ou titoras/es do alumnado do **IES Viaño Pequeno**,

conscientes da necesidade de prestar atención á prevención da violencia de xénero, especialmente na etapa adolescente, dende a Deputación da Coruña puxemos en marcha o programa socioeducativo **“SUPRime o ConTRoL”** e durante este curso 2016/17 estamos a desenvolver actividades formativas dirixidas ao alumnado deste centro educativo. Gustaríanos que vós, as familias, tamén puidédesedes participar deste programa para achegarvos algunhas ferramentas que vos permitan abordar esta problemática dende o entorno familiar. Por iso, **queremos convidaros a participar nun encontro coas familias que terá lugar o martes 9 de maio ás 19:00h no centro educativo**, no que contaremos tanto coa presenza do propio persoal educador do programa, como da **unidade especializada da Garda Civil** experta na impartición deste tipo de actividades educativas sobre prevención da violencia contra as mulleres e novas tecnoloxías. Aproveitarase a ocasión para dar a coñecer o Programa Socioeducativo que se está impartindo no centro, os resultados e as experiencias obtidas ata o momento.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e contar coa vosa presenza.

A Coruña, 25 de abril de 2017


Anxela Franco Pouso
Deputada área de Benestar Social, Educación
e Políticas de Igualdade

A asistencia a esta actividade non require da súa inscrición na mesma, mais agradecemos que coa finalidade de ter unha previsión de asistencia a este encontro, se entregue no centro educativo o seguinte formulario cuberto:

✂ Recortar por aquí -----

D./Dna
con DNI....., en calidade de nai/pai de

.....
confirmando a miña asistencia á charla dirixida ás familias enmarcada dentro do Programa Socioeducativo Suprime o control, organizado pola Deputación de Coruña.

Asdo:

.....

....., a de de
2017.